



ANOVA-IN Val Miñor e mais a agrupación de Esquerda Unida de Gondomar emiten declaracións de “total apoio” á [convocatoria cidadá](#) [Manifesto Miñor](#) a prol da constitución de candidaturas unitarias a través de plataformas veciñais, nos tres concellos da bisbarra. ANOVA-IN pronunciase tras unha asemblea conxunta de militantes de toda a comarca desenvolvida a pasada fin de semana. Pola súa banda, a agrupación gondomareña de Esquerda Unida o fixo a través dun comunicado asinado polo seu portavoz, Josué Villar, 24 horas despois do lanzamento do manifesto.

ANOVA – IN: “conformar unha ampla alianza social e política”.

Valoran “positivamente” o contido do manifesto na procura de “*encetar un diálogo a fin de conformar unha ampla alianza social e política para configurar Candidaturas Veciñais Unitarias que sexan quen de rexenerar a vida democrática dos concellos miñorás*”.

Nese senso salienta a necesidade de “

abrilos á participación cidadá

” e impulsar políticas de ordenamento do territorio, defender aos sectores máis agredidos polas políticas de “

austeridade

” e desaloxar dos gobernos municipais ao “

partido do paro e dos recortes

”.

Salientan que o Manifesto Miñor está en concordancia coa resolución da Coordinadora Nacional de ANOVA-IN do pasado mes de xullo “*na que se acordou promover, apoiar e participar en candidaturas de unidade popular/cidadá nas localidades para avanzar na creba democrática co réxime actual, na rexeneración democrática da vida municipal e no dereito a*

O Manifesto Miñor a prol das candidaturas unitarias acada os primeiros apoios de agrupacións políticas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 07 Agosto 2014 21:45

decidir

”.

Participarán polo tanto “*a título persoal*” cada un dos integrantes nas instancias que decida o colectivo veciñal co obxectivo de “*conformar unha ampla alianza social e política para a rexeneración democrática dos concellos miñorás*”.

EU Gondomar: “renunciar ás pequenas diferenzas que nos separan”

A prol dun proxecto “*asumido e compartido pola maioría social, dende a elaboración colectiva do programa ata o control dos cargos electos por medio da participación cidadá*”, os integrantes da agrupación manifestan estar de acordo “*cos catro puntos do manifesto*”. Afirmar a súa disposición “*a manter un dialogo aberto e construtivo co resto de forzas da esquerda alternativa*”.

Engaden que esta postura de apoio ao Manifesto Miñor está na liña do que Esquerda Unida tanto a nivel nacional, como federal, “*vai pular polo establecemento dun gran bloque político e social a nivel estatal, na liña do proposto*” polo devandito manifesto.

Sinalan que o seguinte paso “*e sermos capaces de artellar unha candidatura para as vindeiras eleccións municipais, respectuosa cas diferentes identidades e procesos de democracia interna, e capaz de renunciar ás pequenas diferenzas que nos separan pra acabar co bipartidismo feroz, que está a dilapidar tódolos nosos dereitos conquistados*”.